

# XXVIII CICLO DE ÓRGANO E MÚSICA ANTIGA

Colexiata Santa María a Real  
ás 20:00 horas

Domingo 20 de agosto  
Daniel Pereira Ribeiro, Órgano

Domingo 27 de agosto  
Francisco Rubio, Oboe  
Saskia Roures, Órgano

Domingo 3 de setembro  
Jorge Fuentes, trompa  
Marisol Mendive, Órgano



Concello  
Xunqueira de Ambía



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPUTACIÓN  
OURENSE

## **Saúdo do Alcalde**

É realmente agradable darlles a benvida á celebración da XXVIII edición do ciclo de Órgano e Música Antiga” de Xunqueira de Ambía

A música e a arquitectura son artes, que permiten crear espazos nos que o home pode desenvolver a súa existencia. Se importante é a música, tamén é o espazo que a reviste, que nos devolve os sons transformados a través das bóvedas e do tacto das pedras...

Con esta idea nace o ciclo de órgano deste Concello, coa intención de vencellar dous aspectos fundamentais, por un lado a música antiga e por outra, a posta en valor dunha parte do noso patrimonio histórico e doutra mediante a celebración de concertos nun entorno de interés arquitectónico artístico e cultural, tendo como protagonista o órgano da colexiata.

Agradecer o traballo realizado por todas aquelas persoas e institucións que fixeron e fan posible que hoxe poidamos estar celebrando o XXVIII ciclo de Órgano e Música Antiga En Xunqueira de Ambía

Un saúdo

José Luis Gavilanes Losada  
Alcalde de Xunqueira de Ambía

## Saúdo do Párroco

É una satisfacción para min poñer a disposición o marabilloso órgano do templo para o vixésimo oitavo ciclo de concertos de órgano clásico que se veñen realizando no mes de agosto no marco incomparable da Igrexa de Santa María a Real. Coido que, entre as variadas iniciativas culturais do noso concello, esta é unha das máis salientables.

A música cultiva os sentidos e o espírito, modela a personalidade, produce finura nas persoas..., porque transmite beleza. A música é unha linguaxe universal.

A verdadeira beleza da música é que conecta xente, transmite unha mensaxe...” (Roy Ayers). A beleza, en xeral, e a música en particular, teñen a forza de facilitar a trascendencia, de superar o cotiá, a rutina, o vulgar. Son unha ventá aberta á beleza do creador.

Felicito ás persoas que organizan esta mostra de comunicación de beleza e agradezo o seu labor cultural.

Francisco Ferreras  
Párroco

**Domingo 20 de Agosto ás 20:00 horas**

**Daniel Pereira Ribeiro (Portugal)**

**Pedro de Araújo (c.1640-1705)**

Batalha de 6º Tom

**Manuel Rodrigues Coelho (c.1555-1635)**

Segundo Tiento do 2º tom

**Pablo Bruna (1611-1679)**

Tiento de Falsas de 2º Tono

Tiento de 2º tono sobre la Letanía de la Virgen

**Andrés de Sola (1634-1696)**

Primer Tiento de Primer Tono

**Juan Cabanilles (1644-1712)**

Corrente Italiana

Passacalles de Primer Tono

**Carlos Seixas (1704-1742)**

Sonata nº 48 em Sol Maior

**Frei Jacinto do Sacramento (séc. XVIII)**

Sonata em ré menor

**Frei Diogo da Conceição (séc. XVII)**

Batalla do 5º Tom

# Daniel Pereira Ribeiro

## *Curriculum*

Naceu na cidade de Paredes en 1982, iniciou os seus estudos musicais en 1998 con Pe. João Carrapa.

En 1999 ingresou no Conservatorio de Música do Porto onde frecuentou o curso de piano na clase da Prof. Anne Marie Soares. Nesa data iniciou tamén os seus estudos en órgano

Concluíu o Máster en Música Sacra na Escola das Artes da Universidade Católica Portuguesa, estudando Órgano e Improvisación con Giampaolo Di Rosa, Composición con Eugénio Amorim, Musica de Cámara con Cesário Costa, e Dirección Coral con Barbara Franke e Jorge Matta.

Concluíu o Máster en performance musical na Hochschule für Musik und Tanz Köln (Colonia Alemaña), na clase do Prof. Winfried Böning.

Participou en cursos orientados polos Profs. Graham Barber, Stefan Baier e Hans-Ola Ericsson.

Posúe unha actividade musical regular, integrando diversas formacións instrumentais. Participou en diversos festivais e ciclos de música para órgano en Portugal e no estranxeiro.

Leciona a disciplina de Órgano no Conservatório de Música de Barcelos e no Seminario Maior do Porto

**Domingo 27 de Agosto ás 20:00 horas**

**“Miscelánea galante”**

**Antonio Rodríguez de Hita (1722-1787)**

Canción IV – Allegro

**Joseph de Nebra (1702-1768)**

Sonata en fa mayor

**Padre Antonio Soler (1729-1783)**

Sonata K 37 en re mayor

**José Lidón (1748-1827)**

Sonata de primer tono

**Joan Baptista (antes de 1728-1773) & Josep (1728-1762) Pla**

Sonata en si bemol mayor para oboe y bajo continuo

Allegro / [Largo] / Allegro ma non tanto

**Padre Antonio Soler**

Preludio (*La llave de la modulación*. Madrid, 1762)

**José Lidón**

Segundo Allegro

**Antonio Rodríguez de Hita**

Canción VII – Despacio cantábile

**Padre Antonio Soler**

Minuetos (Sonatas nº 99 y 92)

**Joan Baptista & Josep Pla**

Sonata en do menor para oboe y bajo continuo

Allegretto / Andante / Allegro assai

## Miscelánea XVIII-21

“Mixto, vario, composto de cousas distintas ou de xéneros diferentes...”

Explorar música de diversas épocas e estilos, desde o século XVIII ao XXI; experimentar variadas mixturas tímbricas, utilizando os distintos instrumentos da familia do oboe, tanto históricos como modernos, xunto ao órgano ou o clave; descubrir novos formatos na presentación da música ante o público, son os motivos condutores de Miscelánea XVIII-21 desde a súa formación en 2011.

A súa oferta artística engloba diferentes actividades e propostas: concertos didácticos, charlas e conferencias, actuacións fieis ao formato tradicional ou espectáculos multidisciplinares que achegan ao público experiencias sensoriais diferentes.

Sendo fieis ao seu espírito independente, en 2016 inauguran o seu propio selo discográfico (MXVIII-21) e editan o seu primeiro traballo Paraphrasis: J.S. Bach-Transcricións (oboe de amor e órgano) que recibiu unha boa acollida nas revistas especializadas.

Francisco e Saskia, profesores vocacionais, compaxinan a súa actividade concertística coa docente no Conservatorio Superior de Música de Aragón (Zaragoza).

**Domingo 3 de Setembro ás 20:00 horas**

**PROGRAMA TROMPA BARROCA Y ÓRGANO**

**Georg Phillipp Telemann (1681-1767)**

(Homenaje en el 250º de su muerte)

Concerto nº 3 en Re mayor.

Vivace-Largo-Allegro

**Joan Baptiste Cabanilles (1644-1712)**

Gallardas I

**Joseph Haydn (1732-1809)**

Concerto nº 2 en re menor Hob.VIID:4

. (Cadenza: Jorge Fuentes)

**Joan Baptiste Cabanilles (1644-1712)**

Pasacalles I

**Bernhard Krol (1920-2013)**

Laudatio

**Fray Antonio Martín y Coll (1660-1734)**

Batalla de 5º Tono

**Georg Friedrich Haendel (1685-1759)**

Suite en Re Mayor

Overtura-Gigue-Marcha



# Jorge Fuentes

## *Curriculum*

Jorge Fontes naceu en Valencia en 1982. Acabou os seus estudos profesionais en 2001 no Conservatorio Superior de Música de Castelló.

No ano 2002 foi galardoado co Premio de Fin de Carreira e co Premio da Música Euterpe.

Proseguiu a súa formación tanto de trompa moderna como histórica en España, Suíza e Italia con diversos e importantes profesores, terminando os seus estudos de Máster no ano 2009.

En 2015 obtén o Master de Especialidade en Instrumentos Históricos na prestixiosa Schola Cantorum Basiliensis (Basilea-Suíza) co profesor Thomas Müller.

España, Francia, Italia, Austria, Asia, Alemaña, Holanda, Reino Unido e Suíza son destinos onde estivo colaborando con orquestras como a Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Nacional e Sinfónica de Catalunya, Orquestra Sinfónica do Vallès, Orquestra Barroca de Sevilla, Opernhaus - Zúrich con instrumentos históricos, OCL (Orquestra de Cámara de Lausanne), OCF (Orquestra de Cámara de Fribourg), etc.

Actualmente é profesor de trompa no Conservatorio de Música de Ourense.

# Marisol Mendive

## *Curriculum*

Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona, realiza estudos de órgano cos profesores J. L. González Uriol (Zaragoza) e M. Torrent (Grao Superior, Barcelona). Participa en numerosos cursos de perfeccionamento dirixidos polos profesores Daniel Roth, Andreas Arand, Michael Radulescu, etc.

A súa actividade como concertista desenvolveuse en numerosas capitais españolas e diversas cidades de Italia, Suíza, Croacia, Noruega, Portugal, Alemaña México e Madeira.

Ao longo da súa carreira realizou diversas gravacións discográficas. En 2008 gravou no órgano da Sé de Zaragoza, a obra inédita de D. Joaquín Broto Salamero (1921-2006) último organista deste importante Órgano histórico aragonés.

Desde o ano 2004 é Profesora de Órgano do Conservatorio Profesional de Música de Ourense e Directora Artística do Ciclo de Órgano de Xunqueira de Ambía (Ourense).

Preside a Asociación Cultural de Amigos do órgano Un rato no tubo, creada no ano 2011 coa finalidade de achegar o mundo do Órgano a persoas de todas as idades a través de concertos e actividades de carácter ameno e entretido.

# Órgano da Colexiata

## Historia

O actual órgano da colexiata de Sta. María a Real de Xunqueira de Ambía é o terceiro coñecido na súa historia. O primeiro órgano do que temos coñecemento data do ano 1536 e foi obra do organeiro de Allariz Bernal Díaz. No século XVII foi substituído por outro de Gaspar de Alaraz. O que hoxe vemos foi colocado en 1759 polo seu constructor Manuel González Maldonado de Santiago de Compostela. A caixa é obra do escultor Xoan de San Martín. Dividido en órgano maior e órgano de ecos, con dous teclados de 45 notas (1ª oitava corta), é un brillante exemplar de época dourada do órgano ibérico, con un soar "plenum" e una potente legüetería.

## Disposición do órgano

### TECLADO PRINCIPAL

Chirimia	Oboe
Dulzaina	Dulzaina
Bajoncillo de Tenor	Clarín
Trompeta de batalla	Trompeta magna
Trompeta real (interior)	Trompeta real (interior)
Clarón (5 hileras)	Corneta real (6 hileras)
Flautado de violón	Flauta dulce
Zímbala (4 hileras)	Zímbala (4 hileras)
Lleno(4 hileras)	Lleno (4 hileras)
Diez y novena	
Diez y setena	
Quincena	Quincena
Docena	Docena
Octava real	Octava real
Flautado de trece	Flautado de trece

### TECLADO DE ECO

Trompeta bastarda	Clarín
Corneta Inglesa (3 hileras)	Corneta real (6 hileras)
Lleno (4 hileras)	Corneta inglesa (3 hileras)
Quincena	Flauta tapada
Octava	Lleno (4 hileras)
Flautado tapado	Flautado trece
6 pistas de contra, 4 pistas de Timbales, Cascabeles	




## Colabora



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

## Organiza



**CONCELLO XUNQUEIRA DE AMBÍA**

**Praza San Rosendo nº1, Tel. 988436069 - Fax. 988436040**  
**[xunqueiradeambia.org](http://xunqueiradeambia.org)**